

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E A ASOCIACIÓN NACIONAL DE CRIADORES DE RAZA RUBIA GALEGA (ACRUGA) PARA CONTINUAR COA EXECUCIÓN DUN PROGRAMA PARA A CONSOLIDACIÓN E DIVERSIFICACIÓN XENÉTICA DA RAZA RUBIA GALEGA, COFINANCIADO CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER), NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA POLÍTICA AGRARIA COMÚN 2023_2027.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

REUNIDOS

María José Gómez Rodríguez, conselleira do Medio Rural, nomeada polo Decreto 44/2024, do 14 de abril, polo que se nomean os titulares das consellerías da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación da Consellería do Medio Rural, en virtude das facultades que lle atribúe o artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa presidencia.

César Dorado Pin, actuando en nome e representación de ACRUGA, NIF G27007061, na súa condición de Presidente.

Cada un intervén en función do seu cargo, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade suficiente para formalizar este convenio.



EXPOÑEN

Primeiro. Segundo o establecido no artigo 30.1.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma de Galicia ten competencia exclusiva, de acordo coas bases e a ordenación da actuación económica xeral e a política monetaria do Estado, en materia de agricultura e gandería.

Segundo. Entre outras funcións, a Consellería do Medio Rural é competente no desenvolvemento das accións necesarias para a ordenación, fomento e control da produción gandeira, así como no desenvolvemento e control das actuacións de apoio á conservación, uso e desenvolvemento sustentable dos recursos xenéticos na gandería, como se recolle no artigo 20.1.b) do Decreto 223/2022, do 22 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

Terceiro. A Asociación Nacional de Criadores de Raza Rubia Galega (ACRUGA) é a entidade recoñecida polo Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación para a xestión do libro xenealóxico da raza Rubia Galega e o desenvolvemento do seu Programa de Mellora (BOE 91 de 16 de abril de 2012), e como tal figura incluída no rexistro xeral de asociacións de razas puras.

Entre os fins da asociación están:

- A promoción, expansión e selección do gando vacún da Raza Rubia Galega, na Unión Europea e Países terceiros, velando pola súa pureza.
- A xestión do Libro Xenealóxico, Programas de selección e Controles de Rendementos da raza Rubia Galega.
- O establecemento dos criterios zootécnicos da Raza Rubia Galega: Libro Xenealóxico, Programas de selección, Controles de Rendementos e Calificación de exemplares.
- O desenvolvemento das funcións que lle sexan delegadas polas Administracións públicas, en defensa e promoción da raza.



Cuarto. As accións en materia de conservación de recursos zooxenéticos planifícanse consonte as disposicións do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello do 2 de decembro de 2021, polo que se establecen normas en relación coa axuda aos plans estratéxicos que deben elaborar os estados membros no marco da política agraria común (plans estratéxicos da PAC), financiada con cargo ao Fondo Europeo Agrícola de Garantía (FEAGA) e ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER), e polo que se derrogan os Regulamentos (UE) nº 1305/2013 e (UE) nº 1307/2013, e xestiónanse de conformidade co Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común.

Estas accións están recollidas na intervención 65052: Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, do Plan Estratéxico da PAC de España 2023-2027, aprobado por Decisión de Execución da Comisión C (2022) 6017, do 31 de agosto de 2022 e as súas modificacións, que deron lugar á versión vixente do PEPAC aprobada por Decisión de Execución da Comisión C (2024) 6133 final, do 30 de agosto de 2024.

As persoas beneficiarias últimas das actuacións financiadas con este convenio son os gandeiros das razas obxecto do mesmo.

Quinto. A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso exprésase o artigo 36.c, do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

Sexto. A Rubia Galega é unha raza bovina autóctona de Galicia cuxo patrimonio xenético acumula unha parte imprescindible dos recursos zooxenéticos autóctonos da nosa Comunidade Autónoma. A importancia desta raza ven determinada pola súa longa e ampla implantación no agro galego onde contribúe ao sustento de moitas familias así como polo feito de estar moi identificada con esta comunidade. É unha raza adaptada as



condicións de produción tradicionais e respectuosas co medio e capaz de responder as exigencias do mercado cun produto de gran calidade.

A pesar de estar catalogada como unha raza autóctona de fomento, a tendencia evolutiva da mesma é cara a recesión, tanto no censo de animais como no número de ganderías activas. A presenza na poboación dun alto grao de consanguinidade como consecuencia da excesiva presión de selección sobre determinados caracteres e a escasa dispoñibilidade de liñas xenéticas diversificadas na poboación, ao que hai que engadir outros factores como a escasa dispersión xeográfica da raza e a incursión e proliferación doutras razas foráneas moi competitivas no seu espazo xeográfico, fai que persista dende hai anos un perigo real de perda da diversidade xenética na raza que diminúe as posibilidades de mellora na mesma, e pode comprometer o seu futuro a medio e longo prazo.

Por estas razóns, a Consellería do Medio Rural iniciou no ano 2013 un programa para a consolidación e diversificación xenética da raza. A estratexia a seguir é proseguir os traballos na busca de animais que mantendo as características raciais propias da Rubia Galega aporten variabilidade xenética, así como na procura de liñas pouco empregadas que poidan contribuír a incrementar e diversificar a base xenética da poboación. Entre os novos obxectivos figura a obtención de touros probados mellorantes da raza con baixos niveis de consanguinidade, polo que se considera necesario ampliar as accións do programa coa realización de valoracións individuais de machos en centros de testaxe e avaliacións de touros sobre descendencia para determinar a súa capacidade de transmisión.

Outro dos aspectos que contempla o programa é a contribución á formación dun stock de embrións coas mesmas consideracións sinaladas anteriormente. Esta colección de embrións contribuirá á constitución do banco de xermoplasma que ACRUGA deberá formar como garantía de mantemento da variabilidade xenética da raza, tal como indican as políticas emprendidas en materia de biodiversidade a nivel mundial.

Este tipo de actuacións están recollidas especificamente no Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, que pretende fomentar o emprego dos recursos xenéticos autóctonos.

O desenvolvemento deste proxecto, só é posible coa participación de ACRUGA, como única entidade de Galicia que conta coa capacidade, persoal e medios para a realización



do mesmo, por canto engloba a totalidade dos gandeiros con animais rexistrados da raza Rubia Galega. Nestas condicións o procedemento ordinario de concorrencia competitiva na concesión de subvencións resulta improcedente, por canto a entidade destinataria resulta imprescindible para a xestión do programa.

Polo tanto, asumindo que a promoción de programas de conservación e fomento dos recursos zootécnicos autóctonos de Galicia reúne as condicións aludidas na lei e o regulamento de subvencións, enténdese a procedencia da sinatura dun novo convenio entre a Consellería do Medio Rural e ACRUGA para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega.

Sétimo. No ano 2023, encadrado na medida 10.21 do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia para o período 2014-2020, asinouse con ACRUGA un convenio para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega con vixencia ata o 31 de agosto de 2025. A renovación dos compromisos adquiridos supón unha continuidade temporal, imprescindible cando se traballa na recuperación das razas autóctonas.

Oitavo. En virtude do anterior, e acreditado que ACRUGA cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiaria, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan asinar o presente convenio de acordo coas seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto

O obxecto deste convenio é establecer as condicións para continuar coa execución dun programa para a consolidación e diversificación xenética da raza Rubia Galega por parte da Asociación Nacional de Criadores de raza Rubia Galega (ACRUGA).



A finalidade do convenio axústase aos fins e obxectivos de ACRUGA, obxectivos compartidos coa Consellería do Medio Rural tal como se recolle nos expoñendos terceiro e segundo respectivamente.

SEGUNDA. Obrigas de ACRUGA

Acrua assume as obrigas contidas no Plan Estratéxico da PAC 2023-2027, tanto as descritas a nivel nacional como a nivel rexional en Galicia, para a subintervención 65052_01 Asociacións para a preservación dos recursos gandeiros. Particularmente debe contemplar entre os seus fins e así o deben recoller os seus estatutos, a conservación, recuperación e/ou fomento dos recursos xenéticos gandeiros.

Toda a información relativa ao convenio, estará dispoñible nunha web na que se respectará a publicidade FEADER, segundo o establecido nos Anexos II e III do Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución da Autoridade de Xestión Rexional do PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

Esta publicidade estará dispoñible en todas as actividades de información e comunicación que desenvolva ACRUGA no ámbito do presente convenio.

ACRUGA assume ademais as seguintes obrigas:

1. Destinar, entre o persoal propio, a un técnico con formación en zootecnia que será a persoa responsable da coordinación e supervisión do Programa. A designación será comunicada á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias no primeiro mes de vixencia do convenio. Os posibles cambios serán comunicados no prazo máximo dun mes dende que se produzan.



2. Documentar os criterios de selección de animais, tanto machos como femias, para a determinación dos cruces dirixidos á obtención de futuros sementais. Este documento será remitido á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias no primeiro trimestre de vixencia do convenio.
Os criterios establecidos avaliaranse a finais de cada un dos anos de vixencia do convenio. O incumprimento dos mínimos previstos no programa serán motivo de revisión dos criterios.
3. Garantir a libre participación de todos os gandeiros da raza no desenvolvemento deste programa, para o que será preciso acreditar a axeitada difusión do mesmo.
4. Realizar as filiacións xenéticas de todos os animais participantes e candidatos ao programa.
5. Realizar as probas necesarias para a determinación de portadores do xen MSTN (miostatina) a aqueles animais participantes e candidatos ao programa.
6. Programar anualmente un mínimo de 150 cruzamentos dirixidos. Non serán válidos aos efectos do programa aqueles cruzamentos dos que resulte unha taxa de consanguinidade superior ao 6%.
7. Control e seguimento dos animais froito dos cruzamentos dirixidos (animais do programa). Avaliación fenotípica dos mesmos en diferentes fases da súa crianza, deixando constancia documental dos controis realizados.
Os controis a realizar, tanto a machos como a femias, serán documentados e, do mesmo xeito que para os criterios de selección de animais, remitidos á Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias no primeiro trimestre de vixencia do convenio.
8. Incorporación á estación de testaxe individual dun mínimo de 40 machos do programa por ano, nunca menos do 50% do total de touros avaliados por ACRUGA (o primeiro ano de vixencia do convenio consideraranse dentro do programa aqueles animais froito dos cruzamentos que cumpran os criterios de selección establecidos, sen ter en conta se estes foron dirixidos dende a entidade). Os animais permanecerán un mínimo de 4 meses na estación para avaliar as súas características individuais.
Será condición indispensable para o cumprimento desta obriga, que o centro cumpra coas condicións estruturais, técnicas, humanas e de mantemento para garantir o benestar animal e as axeitadas condicións para os controis a realizar.



9. Destinar á valoración sobre descendencia un mínimo de 5 machos do programa por ano (o primeiro ano de vixencia do convenio consideraranse dentro do programa aqueles animais froito dos cruzamentos que cumpran os criterios de selección establecidos, sen ter en conta se estes foron dirixidos dende a entidade).
10. Inseminar o número necesario de femias para obter un mínimo de 30 descendentes de cada un dos sementais sinalados no punto anterior.
11. Constituír e manter unha colección de embrións co máximo grao de diversidade xenética, cun mínimo de 100. Esta colección de embrións contribuirá ao banco de xermoplasma que ACRUGA debe manter como reserva xenética da raza.
12. Retirar do centro de recollida de esperma, todo animal do que non se estea a extraer seme, ben por falta de produción ou por falta de interese reprodutivo para a raza. No momento que os sementais acaden a condición de touro probado sobre descendencia, ACRUGA deberá decidir si son considerados positivos para o seu programa de cría, no caso contrario o semental deberá ser retirado do centro.
13. Participar anualmente nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT, por tratarse do principal escaparate do sector a nivel autonómico, coa presenza da raza Rubia Galega e os seus produtos derivados. A participación incluírá algunhas das seguintes actuacións: presenza de exemplares da raza, organización de concursos morfolóxicos, certames monográficos de carácter profesional, presenza de marcas comerciais, especialmente o selo de calidade autóctona 100%, exposicións e degustacións de produtos derivados das razas, etc.
14. Realizar a difusión dos resultados acadados entre os criadores e público xeral. A información xerada estará dispoñible nunha web específica na que se seguirán as normas de publicidade FEADER.

O catálogo de sementais da raza deberá identificar os animais froito do programa e garantir a publicidade FEADER

TERCEIRA. Gastos financiáveis

A Consellería do Medio Rural non participa nas actividades nin dos resultados do presente convenio e financiará as actuacións do mesmo, realizadas dende o 1 de setembro de 2025.



Achégase, nos anexos ao texto do convenio, o cadro orzamentario coas actuacións a desenvolver por ACRUGA coa análise dos custos.

ACRUGA poderá contratar con terceiros a execución das actuacións do convenio que non estea capacitada a prestar ata un 100%. Para isto estará sometida ás obrigas establecidas nos apartados 3 e 4 do artigo 27 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia. Ademais, estará sometida ao recollido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Así como ao recollido no Real Decreto 1047/2022, de 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común, título III, capítulo III, sección 1ª, no relativo aos controis e en concreto aos controis de moderación de custes.

Deste xeito, para todos os gastos incluídos na xustificación deberase solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores con carácter previo á contratación. As ofertas, que se incluírán entre a documentación xustificativa, deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Non poderán proceder de empresas vinculadas entre elas, nin co solicitante, nos termos establecidos na lexislación de contratos do sector público.
- b) Deberán incluír como mínimo o NIF, nome e enderezo da empresa oferente, o nome o razón social da empresa solicitante da axuda, a data de expedición e unha descrición detallada dos conceptos ofertados.

Non se considerarán admisibles as ofertas presentadas que non reúnan estes requisitos, o que poderá dar lugar á exclusión como subvencionable do gasto xustificado con esa oferta.

A elección entre as ofertas presentadas realizarase conforme a criterios de eficiencia e economía e debe xustificarse expresamente nunha memoria, baseada nos criterios sinalados, cando non recaia na proposta económica máis vantaxosa. No caso de non ser así, considerarase como importe máximo subvencionable para ese concepto o correspondente á proposta económica máis vantaxosa.

Excepcionalmente, no caso de conceptos subvencionables que polas súas especiais características non existan no mercado suficiente número de entidades que o



subministren, a consecución de ofertas resulte difícil ou dificulte en extremo a xestión, a Comisión de Seguimento poderá establecer xustificadamente valores de referencia para a moderación de custos. No anexo I establécense prezos máximos de referencia para algúns gastos nos que a consecución de ofertas resulta difícil ou dificulta en extremo a xestión.

Non se considerarán subvencionables os gastos nos que non se xustifique a moderación de custos conforme aos criterios e requisitos sinalados neste apartado.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable tal e como se recolle no artigo 29.8, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. No caso de que o IVE poida ser subvencionable, as persoas beneficiarias deberán presentar a xustificación documental de non suxeición ou exención do imposto emitida pola AEAT.

Os investimentos non serán financiados dentro do convenio.

Establécese un máximo do 80% dos gastos de persoal, salvo naqueles casos nos que se acredite unha dedicación exclusiva do traballador ao proxecto.

O convenio subscríbese no marco da subintervención 65052_01 do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia, sendo a intensidade da axuda do 100% dos gastos subvencionables, cofinanciado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) cunha porcentaxe de financiamento do 80%, o 16% correspondería ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e o 4% restante á Xunta de Galicia. O financiamento das actuacións do presente convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios segundo o establecido no artigo 36 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello de 2 de decembro de 2021 sobre a financiación, a xestión e o seguimento da política agrícola común e polo que se derroga o Regulamento (UE) n. o 1306/2013, pero si o podería ser con outros fondos públicos ou privados achegados para o efecto. A suma das axudas concedidas non excederán a contía do gasto subvencionable nos termos previstos no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

CUARTA. Xustificación



Realizaranse un mínimo de catro xustificacións e presentación de gastos e pagamentos anuais. As datas límites para estas xustificacións serán o 1 de abril, o 1 de xullo, o 1 de outubro e 1 de decembro nos anos 2026 e 2027. No ano 2025, a data límite para a xustificación será o 1 de decembro.

Con cada xustificación a persoa beneficiaria debe achegar:

- Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, coa relación en detalle das actividades realizadas.
- Unha certificación do representante legal ou persoa na que teña delegada a representación da entidade, na que se indique a porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto cando se xustifiquen gastos de persoal propio.
- Os xustificantes orixinais dos gastos e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. Deberán reunir os requisitos recollidos no artigo 6 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación.
- Unha memoria económica en formato dixital '.xlsx' (táboa de gastos segundo o esquema do anexo)
- Unha memoria técnico - económica das actuacións realizadas, na que se identifique a finalidade elixible e contemplada no convenio de cada un dos gastos imputados. Neste documento acreditarase o cumprimento das obrigas de publicidade recollidas na cláusula undécima. O material consecuente das actuacións será incluído ou reproducido neste documento.
- Unha declaración do conxunto de todas as solicitudes efectuadas ou concedidas para o mesmo proxecto, das distintas administracións públicas competentes, ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades, así como doutros ingresos ou recursos que financien o proxecto.
- Unha memoria de moderación de custos segundo os criterios establecidos na cláusula terceira. Nesta farase referencia aos orzamentos solicitados identificando as entidades consultadas, a data da oferta e importe da mesma. No



caso en que a oferta elixida non sexa a mais vantaxosa economicamente, a memoria incluíra as motivacións de tal elección.

- Unha relación de todas as subvencións solicitadas ou concedidas para esta ou outra finalidade, coa indicación da administración que as convocou e o departamento responsable da xestión das mesmas, durante o ano en curso.

Poderanse efectuar pagamentos a conta, pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, sempre de acordo co disposto no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, abonados por contía equivalente á xustificación presentada a conta da liquidación final. O importe do pagamento a conta non superará o 80 % da contía anual adxudicada.

Non obstante, ACRUGA queda eximida de constituír garantías para efectuar estes pagamentos a conta, de acordo co disposto no artigo 67.4 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A consellería resérvase o dereito de solicitar toda a documentación que considere precisa en relación coas actividades realizadas no marco do convenio, incluíndo a relativa ao cumprimento dos requisitos de presentación de datos á autoridade de xestión e ao rexistro de realizacións e resultados.

As actuacións descritas no presente convenio, estarán sometidas a un sistema axeitado de avaliación de custos, con independencia do importe do gasto subvencionable. De acordo co establecido no artigo 82 do Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, no que se establecen disposicións relativas aos controis, así como no Plan Galego de Controis (Intervencións PEPAC 2023-2027 – Réxime Feader NON SIXC) os controis administrativos incluírán a comprobación por parte da unidade xestora do sistema empregado para a moderación de custos.

Os gastos deberán responder de xeito indubidable á natureza das actividades recollidas no presente convenio, incluídos os gastos de persoal e os medios loxísticos necesarios. Non se financiarán actividades no Programa marco da Comunidade Europea para accións de investigación, desenvolvemento tecnolóxico e demostración.



Os gastos realizados deberán acreditarse mediante a presentación dos xustificantes orixinais do gasto e as xustificacións bancarias que acrediten o seu pago efectivo. As facturas presentaranse en orixinal, e marcaranse cun selo indicando nel o financiamento por parte do FEADER e se o importe se imputa total ou parcialmente ao convenio, indicando neste último caso, a porcentaxe que resulte afectada polo mesmo.

Ademais, tendo en conta que entre as actuacións do convenio se recollen actuacións executadas con medios propios achegados por ACRUGA, concretamente man de obra propia remunerada, coa xustificación documental dos gastos e pago dos traballos executados cos medios propios, deben achegarse as nóminas correspondentes ao tempo dedicado por cada traballador á execución do traballo, certificando especificamente o emprego da porcentaxe de tempo que o traballador dedica ao proxecto, así como a documentación acreditativa do pago das nóminas, cargas sociais e IRPF.

Os días de vacacións deben descontarse do tempo dedicado á execución do traballo, e tamén deberán terse en conta nas nóminas de paga extra.

Si se utilizan medios materiais propios, a persoa beneficiaria poderá imputar ao proxecto, a parte proporcional que corresponda dos custos de amortización deses equipos ou materiais durante a vixencia do convenio, custos que deben calcularse de conformidade coas normas de contabilidade, debendo achegar a documentación acreditativa do sistema de cálculo utilizado.

Toda a documentación incluída na xustificación presentarase tamén en formato dixital '.pdf'

QUINTA. Relacións laborais

A subscrición do convenio non supón relación laboral contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais e os empregados de ACRUGA que desenvolvan as actividades programadas e a Xunta de Galicia.

SEXTA. Comisión de seguimento



Para avaliar o desenvolvemento do convenio poderase constituír unha comisión de seguimento, coa seguinte composición e funcións:

Composición:

Por parte da Consellería do Medio Rural:

- O subdirector xeral de Gandaría ou persoa en quen delegue
- O xefe do servizo de Producións Gandeiras e Benestar Animal ou persoa en quen delegue

Por parte de ACRUGA:

- O representante legal ou persoa en quen delegue
- Un técnico/ persoal que participe no desenvolvemento das obrigas do convenio

Funcións:

Realizar o seguimento da execución e cumprimento do convenio.

Propoñer e deseñar medidas e actuacións que redunden no éxito da aplicación do presente convenio.

Establecer e definir criterios e pautas de actuación a seguir, así como de levar a coordinación, a supervisión técnica das accións previstas no convenio e os resultados acadados.

A comisión de seguimento reunirase sempre que o solicite algún dos seus membros.

A Consellería do Medio Rural ostenta a prerrogativa da interpretación e resolución de cantas dúbidas e controversias xurdan na aplicación do convenio.

SÉTIMA. Informes

ACRUGA elaborará anualmente un informe analítico das actividades realizadas no marco do convenio, informe que presentará antes do día 31 de decembro dos anos 2025, 2026 e 2027, e aqueles informes que a Consellería considere necesarios para a correcta avaliación do mesmo. No último ano da duración do convenio, o informe que se



presentará incluírá unha análise do cumprimento das obrigas asumidas coa sinatura do presente convenio.

De conformidade ao establecido no artigo 131 do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, a persoa beneficiaria proporcionará á Autoridade de xestión, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e avaliación do Plan estratéxico da PAC.

Así mesmo a persoa beneficiaria ten a obriga de facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

OITAVA. Plan de controis

A execución das actividades realizadas por ACRUGA, obxecto do convenio, está suxeita ao plan de controis establecido, de acordo coas disposicións regulamentarias prescritas para os controis de fondos cofinanciados polo FEADER no Real Decreto 1047/2022, do 27 de decembro, polo que se regula o sistema de xestión e control das intervencións do Plan Estratéxico e outras axudas da Política Agrícola Común. Os controis inclúen:

1. Un control administrativo de todas as solicitudes de pago e outras declaracións ou das operacións derivadas dos plans específicos que desenvolvan. Estes controis aplicaranse sobre todos os elementos de admisibilidade que sexa posible controlar por vía administrativa. Os procedementos empregados permitirán rexistrar os controis, os resultados das comprobacións e as medidas adoptadas en caso de discrepancias.
2. O número total de controis sobre o terreo de solicitudes de pago presentadas durante o ano natural representará polo menos o 5% do gasto financiado polo FEADER que aboa o organismo pagador cada ano natural sobre o total da subintervención.

ACRUGA comprométese a colaborar na execución dos controis nos termos que se precisen. Igualmente, acepta someterse aos controis que legalmente procedan a cargo da Intervención Xeral da Xunta de Galicia, do Consello de Contas, dos órganos comunitarios de inspección e do Servizo de Auditoría Interna do FOGGA.



Ademais, conforme o disposto no artigo 123.2 b) i) do Regulamento 2021/2115, a entidade levará un sistema de contabilidade separado ou ben un código contable axeitado para todas as transaccións relativas ás operacións relacionadas coas actuacións do convenio e que son financiadas con fondos FEADER.

Para unha correcta aplicación do recollido nesta cláusula atenderase ao disposto na Lei 30/2022, de 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas e no Real Decreto 147/2023, de 28 de febreiro, polo que se establecen as normas para a aplicación de penalizacións nas intervencións contempladas no Plan Estratéxico da Política Agrícola Común, e se modifican varios reais decretos polos que se regulan distintos aspectos relacionados coa aplicación en España da Política Agrícola Común para o período 2023-2027, en relación á aplicación de reducións, sancións e exclusións.

A aceptación da axuda implica a obriga de asumir a aplicación de medidas antifraude eficaces e proporcionadas no ámbito de xestión da entidade, así como a comunicar ao órgano xestor os casos de sospeitas de fraude no ámbito do Feader.

NOVENA. Incompatibilidade

A percepción dunha achega en base a este convenio é incompatible con calquera outro que proveña de fondos comunitarios, pero si é compatible con calquera outra que poida obterse doutras administracións ou entes públicos para a mesma finalidade. En todo caso, deberá garantirse a non existencia de dobre financiamento para a mesma actuación.

DÉCIMA. Retirada parcial ou total e obriga de reintegro

Se o importe da solicitude de pago supera o importe dos custos que se consideren admisibles durante os controis administrativos en máis dun 10%, aplicarase unha sanción administrativa ao importe dos custos admisibles. O importe da sanción será igual á diferenza entre eses dous importes, pero non irá máis alá da retirada total da axuda.



A entidade perceptora dos fondos, comprométese a cumprir as obrigas que como beneficiaria dunha subvención sinala o artigo 11 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A entidade ten a obriga de reintegrar, total ou parcialmente, a achega percibida xunto cos xuros de demora que correspondan, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

Conforme ao disposto no artigo 10 da Lei 30/2022, de 23 de decembro, pola que se regulan o sistema de xestión da Política Agrícola Común e outras materias conexas para garantir unha protección eficaz dos intereses financeiros da Unión, tal e como se recolle no artigo 59.1 do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello, de 2 de decembro, en caso de producirse calquera pago indebido a raíz de irregularidades, negligencias e erros administrativos, solicitarase á persoa beneficiaria a devolución do mesmo no prazo de dezoito meses tras a aprobación e, no seu caso, a recepción polo organismo pagador ou o organismo responsable da recuperación, dun informe de control non provisional ou un documento similar no que se indique que se ten producido unha irregularidade, negligencia ou erro administrativo, mais os xuros de demora correspondentes.

O prazo da devolución do pago indebido non poderá ser superior en mais de 2 meses contados dende a data da resolución.

O tipo de xuro aplicable calcularase de acordo co Dereito nacional, pero non poderá ser inferior ao tipo de xuro aplicable á recuperación de importes en virtude das disposicións nacionais.

UNDÉCIMA. Propiedade intelectual e publicidade

A propiedade intelectual dos traballos e dos datos obtidos no desenvolvemento do presente convenio pertencerá a ACRUGA.

ACRUGA poderá publicar datos e resultados parciais ou finais obxecto do presente convenio sen ningunha limitación. En calquera caso, a difusión de información relativa ao presente convenio deberá facer mención expresa a este.



Así mesmo as persoas beneficiarias deberán atender ao disposto nos anexos II e III do Regulamento de Execución (UE) 2022/129, da Comisión, do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen normas para os tipos de intervención relativos ás sementes oleaxinosas, o algodón e os subprodutos da vinificación en virtude do Regulamento (UE) 2021/2115, do Parlamento Europeo e do Consello, así como para os requisitos en materia de información, publicidade e visibilidade relacionados coa axuda da Unión e os plans estratéxicos da PAC e na Instrución ARX PEPAC 01/2023 Información, Publicidade e Visibilidade.

DUODÉCIMA. Resolución

Son causas de resolución do presente convenio: o incumprimento total ou parcial dalgunhas das súas cláusulas, o transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas, as actuacións que poidan prexudicar a consecución dos obxectivos da subintervención e as modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería do Medio Rural.

Así mesmo, a Consellería do Medio Rural poderá resolver de xeito unilateral o convenio nos exercicios 2026 e/ou 2027 no caso de inexistencia ou insuficiencia dos fondos programados FEADER 2023-2027 para a intervención 65052: Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, subintervención 65052_01.

DÉCIMO TERCEIRA. Autorizacións

ACRUGA autoriza á Consellería do Medio Rural, á obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.



De acordo co Artigo 131 do Regulamento (CE) nº 2021/2115 do Parlamento Europeo e do Consello, as persoas beneficiarias deberán proporcionar á autoridade de xestión, aos avaliadores designados ou a outros organismos en que a dita autoridade delegue a realización deste tipo de tarefas, toda a información necesaria para poder realizar o seguimento e a avaliación do plan estratéxico da PAC.

DÉCIMO CUARTA. Transparencia

As partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

DÉCIMO QUINTA. Protección de datos de carácter persoal

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.



De conformidade co artigo 99 do Regulamento (UE) 2021/2116, infórmase a ACRUGA, como parte beneficiaria deste convenio, da publicación dos datos que lle concirne na lista de operacións seleccionadas para recibir axuda do FEADER segundo o previsto no artigo 49 do Regulamento 2021/1060 e de que ditos datos poderán ser tratados por organismos de auditoría e investigación da Unión e dos Estados membros para protexer os intereses financeiros da Unión.

DÉCIMO SEXTA. Natureza

Este convenio ten natureza administrativa e rexerase polas súas propias cláusulas. En todo o non sinalado estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da citada lei, así como o disposto no Regulamento (UE) 2022/128 da Comisión do 21 de decembro de 2021 polo que se establecen disposicións de aplicación do Regulamento (UE) 2021/2116 do Parlamento Europeo e do Consello sobre os organismos pagadores e outros órganos, a xestión financeira, a liquidación de contas, os controis, as garantías e a transparencia.

A xurisdición contencioso - administrativa será a competente para entender os litixios que puideran xurdir.

DÉCIMO SÉTIMA. Vixencia do convenio e financiamento

O presente convenio, que producirá efectos dende o 1 de setembro de 2025 ata o 31 de decembro do 2027, asínase para o período 2025-2027. O importe total ascende a catrocentos setenta e cinco mil cincocentos euros (475.500,00 €), coa seguinte dotación máxima para cada unha das anualidades do convenio:

- 43.500,00 € para o ano 2025.
- 216.000,00 € para o ano 2026, dos que 11.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.



- 216.000,00 € para o ano 2027, dos que 11.000,00 € estarán destinados á participación nos eventos Feira Internacional Semana Verde de Galicia e SALIMAT.

O Imposto sobre o valor engadido, excepto cando non sexa recuperable conforme á lexislación nacional sobre IVE, non é financiable tal e como se recolle no artigo 29.8, da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Calquera variación normativa que leve aparelados cambios respecto ao IVE dará lugar á modificación deste convenio a través da correspondente addenda. Os pagos efectuaranse con cargo á aplicación orzamentaria 15.04.713C.781.2 do código proxecto 2025 00136, cofinanciada no 80% polo FEADER, 16% MAPA e 4% Xunta de Galicia.

DÉCIMO OITAVA. Plan, intervención e obxectivo específico

As accións recollidas no presente convenio subvenciónanse en virtude da intervención 65052 Actividades de conservación de recursos xenéticos NON SIXC, subintervención 65052_01 Asociacións para a preservación dos recursos gandeiros, obxectivo específico 6: "Contribuír a deter e reverter a perda de biodiversidade, potenciar os servizos ecosistémicos e conservar os hábitats e as paisaxes" con indicador de output O.19 (Número de operacións ou unidades en favor dos recursos xenéticos) do Plan Estratéxico da PAC de España, para Galicia para o período 2023-2027, cofinanciado polo FEADER.

E en proba de conformidade, asinan este convenio na data da sinatura dixital.

Pola Consellería do Medio Rural

A conselleira do Medio Rural

María José Gómez Rodríguez

Por ACRUGA

O presidente de ACRUGA

César Dorado Pin

